

OS MAIOS DE 3º

Ao chegar o mes de maio
din que cantan os gorrións,
pero como choveu tanto
foron para Nova Iork.

Na clase dirán os profes
que chegou a primavera
pero coa chuvia e o vento
vivimos nunha neveira.

Aínda que faga mal tempo
saíron todas as flores,
este ano nacerán
con paraugas de mil cores

Se queres facer un maio
que nos mole mogollón
tes que lle pedir axuda
ao noso director.

Primeiro cunhas madeiras
un xeito teslle que dar
para que quede feitiño
de forma piramidal.

Logo bótalle fiuncho
e algunha que outra flor
tamén leva uns cantos ovos
laranxiñas e limóns.

No curuto ben chantado
a "pinguiña" has meter,
cun letreiro que lle diga
"A ver se para de chover"

A despedida vos damos
con rosas e caraveis.
Esperamos para o ano
cantar aquí outra vez.

Agora xa nos marchamos,
aquí deixamos o sitio
Para escoitar as coplas
Que trae o terceiro ciclo.